

AQUELA TORMENTA DO 15 DE SETEMBRO

Benigno García Casalderrey

Acaban de cumprirse 80 anos da catástrofe meteorolóxica habida na contorna de Pontevedra o 15 de setembro de 1932.

FURIOSA TORMENTA


“A las cinco y media de la tarde ayer descargó sobre nuestra ciudad una de las tormentas más importantes que durante años se recuerda entre nosotros. Viento huracanado, profusión de exhalaciones eléctricas seguidas de formidables truenos y abundancia de granizo de extraordinario tamaño.”

Así comezaba o diario *PROGRESO*, na súa edición do día 16, o relato do acontecido na tarde anterior.

Disto, actualmente, só se lembran as persoas que andan por riba dos noventa anos. Os demais somentes podemos relatar o que escoitamos dos nosos maiores. Este é o meu caso. Só sei do suceso o que lle escoitaba dicir aos meus pais, pois eu, daquela, aínda estaba no “mundo das ideas”. Así que, tomando como soporte os recordos, as informacións recibidas dos nosos vellos e as noticias vertidas nos xornais da época, atrevínme a facer este sinxelo artigo.

Aqueles días viña facendo moita calor. Mesmo o día 15, cara a mediodía, a calor saía fora do normal e pola tarde xa era abafante. Non se movía unha palla. Isto era todo un presaxio. O ceo íase toldando cada vez máis e máis alá polo sur. As nubes eran tan escuras e espesas que mesmo semellaba se podían espichar cun pau. Así mo contou unha muller de idade coa que conversei sobre este asunto.

Cara ás cinco da tarde comezou a tirar un vento quente e non tardaron en aparecer os primeiros lóstregos. Xa era evidente que se aveciñaba unha treboada moi seria, así que os máis precavidos, ou medoñentos, botaron cara ás súas casas ou lugares onde topar abeiro. Nada bo ía acontecer. E non erraron, pois aconteceu.



No seu percurso, a treboada seguiu, de sur a norte, a depresión meridiana

Xa eran as cinco e media, cando lóstregos, tronos, vento e pedrazo semellaban estar nunha desaforada competición. Árbores, tellados, vidreiras, chemineas e todo aquilo que ousara ofrecer resistencia viña a ser o bocado máis apetecido por aquel monstro devastador. A tormenta era tal que é mester reproducir aquí un parágrafo da información aparecida no *DIARIO DE PONTEVEDRA*, ao día seguinte, onde relataba que esta se situou tan baixa sobre a cidade e xa escuridade era tal que “desde una acera era imposible ver la de enfrente”.



Despois da tormenta. Barrio do Burgo

As primeiras informacións aparecidas nos xornais relatan os destrozos causados na cidade. Moitas árbores da Alameda viron impotentes como aquel furacán lles esgazada as polas ou guindaba ao chan a máis dun. No Hospital Provincial non quedou un só cristal da galería, no Asilo derrubouse a cheminea e no Cárcere caeu o teitume dunha das salas. A planta superior do Museo Arqueolóxico Provincial quedou totalmente anegada e varios andamios de obra tamén remataron no chan. Aparatoso seica foi o derrubamento dun garaxe no "Borrón", propiedade de Emilio Hermida, soterrando cinco coches que había alí naquel momento, entre eles un *Hudson* do coñecido carteirista Venerando, así como a caída do valado de obra do Círculo Mercantil, na rúa Michelena.

Poucas foron as casas que conseguiron que os seus tellados se salvaran. Tal era a cantidade de cascallo orixinado polos restos de tellas e vidros que case era imposible transitar. A todo isto houbo que engadirle os arames soltos do tendido eléctrico que abaneaban no aire coma fideos. As rúas semellaron por un tempo ríos e a auga chegou a acadar un metro na praza de Valentín García Escudero. Tamén no Burgo a zona próxima á ponte estivo anegada.

Os bombeiros traballaron arreo. Tiveron que acudir a Lérez para evitar o derrubamento dunha galería e outra na cidade. Retirar andamios de obra, árbores ou polas caídas ao chan, así como contribuír aos labores de desentullo.

Ante tal situación, as autoridades locais para evitar desgracias persoais tomaron a sabia decisión de cortar o servizo eléctrico e de tranvías, así como restrinxir o tránsito

de vehículos e persoas polas rúas. Habida conta que a cidade quedou a escuras toda a noite pola falta de enerxía eléctrica, para evitar furtos, creouse un dispositivo de vixilancia no que participaron forzas de artillería.

Todo isto na cidade. E no rural que? Pois devastador, patético, deprimente. As xentes ollaban para as leiras e non eran quen de dar creto a tanta desfeita. As viñas apatoadas no chan e o millo estomballado, misturado coa lama. De cando en vez, algún pé erguíase, como espeteira, cara o ceo semellando pedir xustiza.

Teñamos en conta a época do ano. Mes de setembro. Inicio das colleitas. Millo e viño, os dous piares fundamentais da economía do rural pontevedrés, por aquel entón moi precaria, botados a perder. Só hai que pescudar na prensa da época: *Progreso*, *Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo* e visualizar as imaxes recollidas polo fotógrafo Pintos e tamén ás publicadas polo Faro, para facermos unha idea da magnitude da traxedia. Sirvan como exemplos os seguintes parágrafos tirados dos artigos publicados o 17 e 18 de setembro en *PROGRESO*: "*Lamentable era ayer el aspecto de la ciudad, pero fue en los viñedos, en los maizales, en las huertas próximas donde la devastación llegó a su máximo. El admirable campo lerezano!...! lo dejó el temporal como paraje en el que se acaba de librar una espantosa batalla*". E referíndose ás dramáticas consecuencias que este temporal ía producir nas paupérrimas economías das familias do rural: "*¿Cómo será ahora el invierno falto de esos ingresos que representaban las espigas y los racimos destruidos en unos pocos minutos por la furia combinada del agua, el viento, el granizo y el rayo?*"

Lérez, Cerponzóns e Alba foron as parroquias do concello máis afectadas polo "ciclón", así lle dicían daquela, pois pillounas mesmo no centro. Non quer dicir isto que as demais non padeceran danos, pois importantes tamén foron en Tomeza, Salcedo, Marcón e Mourente.

Ao día seguinte do temporal as autoridades locais, principalmente o gobernador civil, Angel del Castillo, e o alcalde de Pontevedra, Bibiano Fernandez Osorio-Tafall, recorreron as zonas máis afectadas para ter unha información, o máis real posible, do alcance da catástrofe ao tempo que ían recollendo os lamentos das xentes que demandaban algún tipo de axuda. E van ser eles os primeiros en dar traslado desta situación a estamentos superiores co fin de acadar as axudas que puideran corresponder. O Ministerio da Gobernación e o Ministerio de Agricultura serán os destinatarios principais a onde se dirixan estas peticións. As primeiras observacións estimaron que os danos causados superaban amplamente o millón de pesetas. Estimación que se verá corroborada pola valoración dos mesmos feita pública o día 23 en base aos datos recollidos polo Enxeñeiro Xefe da Sección de Agronomía que acompañou ao Gobernador Civil da provincia e que cuantificaron os danos do concello en 2.019.000 pta. Aquí non se reflicten as contías dos producidos na cidade. Convén citar tamén que daquela Xeve e Pontesampaio non formaban parte do noso concello. A suma estimada para estes dous acadou a cantidade 350.000 pta.

Comezan entón as reunións de afectados e autoridades co fin de atopar solucións. Fanse propostas, e logo dos correspondentes debates, acórdase centrar estas nos puntos seguintes:

- Solicitud de axudas económicas para paliar os danos.
- Autorización para a importación de millo do estranxeiro sen aranceis.
- Exención do pago das contibucións para o ano vindeiro.

O 24 de setembro saiu para Madrid o alcalde da cidade, que na súa condición de deputado ía tentar entrevistarse cos ministros da Gobernación e de Agricultura para dar traslado das peticións antes mencionadas. Ao seu regreso, catro días despois, veu coas seguintes novas que porá en coñecemento da Federación Agraria comarcal de Pontevedra: O Ministerio da Gobernación aportaría 300.000 pta e a promesa do Ministerio de Agricultura de que porá o resto ata acadar a cantidade dun millón de pesetas. Outro logro, segundo el, foi o do compromiso de autorizar a libre importación de millo do estranxeiro para paliar a falla deste no país. As outras peticións ían ser estudadas, xa que dependían tamén doutros organismos.

En principio semella que o Goberno de Madrid estase a preocupar polo asunto, pero ben logo se comeza a albiscar que non vai ser todo tan doado coma se presumía nun principio.

O día 12 de outubro, Casares Quiroga, aproveitando a reunión do Partido Republicano Galego, infórmalles aos catro gobernadores civís de Galicia que o seu ministerio acordou conceder 300.000 pta Para paliar os danos causados polo mencionado temporal. Pero esta cantidade non viña só para a provincia de Pontevedra, senón que ía



As xentes do rural ollando a desfeita

Después de la tormenta

CIRCULAR ACERTADA

El Gobernador civil Sr. del Castillo publicó la siguiente circular:

«La tormenta que, con caracteres de catástrofe, se ha desencadenado en algunos pueblos de esta provincia, ha producido en el mercado comercial un exceso de demanda en determinados materiales de construcción, entre ellos cristales y tejas. Parece ser que algunos industriales, aprovechando esa extraordinaria demanda, han elevado los precios para lucrarse, aprovechándose de la miseria de los damnificados. Y como quiera que esa falta de escrúpulo moral no puede pasar sin que la autoridad ponga todos los medios a su alcance, para evitar esos excesos, hago público:

1.º Los industriales no podrán bajo ningún pretexto aumentar el precio de cristales o teja ni ocultar la existencia de que dispongan, para lo cual presentarán en este Gobierno civil declaración jurada en el plazo de tres días

2.º Los que se crean perjudicados con esta medida pueden acudir al Gobierno civil aportando los justificantes y en su vista el Gobernador decidirá.

3.º Los infractores serán castigados con arreglo a las disposiciones de la Ley provincial.



Sempre houbo e habrá quen tente sacar tallada das catástrofes. Progreso 20-09-32

repartirse con Coruña e Ourense, pois ao parecer tamén tiñan sufrido os envates do temporal e xa se confirmaba o 18 de outubro se lle comunicaba ao Gobernador Civil o libramento de 175.000 pta. Este diñeiro non viña para socorrer aos afectados, senón que se ía destinar ao arranxo de obras comunitarias, principalmente camiños, afectadas polo temporal e debería ser invertido no pago dos xornais daqueles que traballaran nelas.

Ao concello de Pontevedra só lle adxudicaron 58.700 pta, a Pontesampaio 3.700 pta e a Xeve 1.000 ptas. O resto foi repartido entre os demais concellos afectados polo temporal. Dita cantidade sería librada o 25 deste mesmo mes coa obriga de xustificar os gastos o 31 de decembro do ano en curso. Do millón de pesetas prometido, así como das outras peticións feitas polos afectados nada se sabe. É evidente que esta manobra do goberno obedece a unha estratexia dilatoria. O tempo ha de confirmar.

Ante a falta de noticias, nun sentido ou noutro, na Asamblea das Sociedades Agrarias da comarca, celebrada en Pontevedra o 5 de decembro, tomáronse, entre outros, os seguintes acordos:

- Dar de prazo ao Goberno ata o 31 de decembro para que consigne nos presupostos do estado de 1933, cando menos, o 50 % da cantidade en que se estimaron os danos causados polo temporal.

- Pedir a libre importación de millo. Ata momento non se tiña confirmado oficialmente o transmitido polo alcalde aos afectados a finais de setembro.

- Non pagar as contribucións ao Estado, en tanto non se dea unha resposta.

Pasa o Nadal e entramos en 1933. Cara a mediados de xaneiro xa comezan a medrar as críticas nalgúns medios de comunicación. Así, o día 14 o xornal *PROGRESO* inserta un artigo moi duro contra o goberno de Madrid e tamén, en menor medida, contra as autoridades locais.

Nos días seguintes menciónase a reunión habida entre os alcaldes dos concellos afectados e o alcalde de Pontevedra, na súa función de deputado, onde se informa da situación en que se atopan as xestións. O informe antólase bastante desalentador ao confirmar este que o Goberno, a través dos organismos competentes, xa librara importantes cantidades para Zaragoza e Girona, que tamén sufriran calamidades similares por aquel entón, e respecto de Pontevedra nada se tiña feito. Tal é o que se desprende da información dada polo xornal *EL PAIS* o día 27 deste mesmo mes. Coido que a partir de aquí comeza a esmorecer o asunto e a finais de abril xa non se falaba del ou, cando menos, non aparecía na prensa.

Eu coido que nunca chegaron eses cartos, pois as xentes maiores coas que falei disto, e que viviron aquela traxedia, ninguén me fixo referencia a que os nosos paisanos recibiran as citadas axudas.

Unha vez máis, a historia dos problemas de Galicia seguía a repetirse. Promesas e máis promesas. E "moitas novenas" se poderían facer, pero ao final o "santo" non atende a elas. Así que só se me ocorre, como remate, lembrar aquel dito dos nosos vellos: "Aviado vai quen agarra polo que está na man doutro".